



SEMUA

III SEMANA DAS
MÚSICAS DO
AUDIOVISUAL

A CORUÑA - 21/26 OUTUBRO 2018

www.academiagalegadoaudiovisual.gal

#SEMUA18

SEMUA

III SEMANA DAS

MÚSICAS DO

AUDIOVISUAL

Equipo

Dirección Artística: Nani García

Producción: Miriam Devesa

Dirección AGA: Miguel Mariño

Xerencia AGA: Marisela Lens

Coordinación de proxectos AGA: Miriam Rodríguez

Xerencia OSG: Andrés Lacasa

Deseño: Patricia Portela

Comunicación: Sonia Díaz e Andrea Villa (NóComún)

A **SEMUA** Semana das Músicas do Audiovisual é un festival singular que, baixo a batuta do compositor Nani García, dá protagonismo ás **músicas para cine, televisión e outros medios audiovisuais**, difundindo as mellores composicións en cada xénero e ampliando a formación de profesionais e persoas interesadas en eidos como composición, produción e interpretación dun tipo de música que todo o mundo escoita, pero que non sempre consegue a atención directa do ouvinte.

A semana adicará este ano unha especial atención á figura de **José Nieto**, un referente como compositor que conta con máis de cen partituras para cine e tv e que traballou cos máis prestixiosos cineastas españois, como Manuel Gutiérrez Aragón, Vicente Aranda, Imanol Uribe ou Javier Villaverde, entre outros.

A **Orquesta Sinfónica de Galicia**, dirixida por Andrés Valero-Castells, ofrecerá un gran concerto no Teatro Colón de A Coruña o **venres 26 de Outubro** no que interpretará algunhas das principais partituras de José Nieto así como temas de compositores galegos de renome como Xavi Font, Sergio Moure, Manu Conde, Manu Riveiro ou o propio Nani García.

Outra pata fundamental da Semana das Músicas do Audiovisual serán os Obradoiros e Masterclass para profesionais ou especialistas da música que terán lugar ao longo de toda a semana e que contan coa presenza de Dario Palomo, Lucas Suárez, Vanessa Garde e Vicent Tobar. Asimesmo, inauguraremos no CGAI (Centro Galego das Artes da Imaxe) o ciclo de proxeccións ***A ilusión é perfecta***, que abriremos con dúas películas con Banda Sonora de José Nieto que serán presentadas e comentadas polo seu autor.

Como novidade, nesta terceira edición da **SEMUA** abriremos a programación cun **Concerto Didáctico** para público familiar conducido pola **Banda Municipal de música de A Coruña** no Teatro Colón, no que se interpretarán temas orientados a público infantil. Este mesmo concerto repetirase dous días máis para escolares de diferentes centros educativos.

PROGRAMA

DOMINGO 21

12h15 - 13h05

Concerto en Familia

Interpretado pola Banda Municipal de Música de A Coruña.
No Teatro Colón, A Coruña.

LUNS 22

10h00 - 10h50

Concerto Didáctico

Destinado a alumnos de diferentes centros educativos de A Coruña. Interpretado pola Banda Municipal de Música de A Coruña. No Teatro Colón, A Coruña

17h00 - 20h00

Obradoiro Musimagen: A Lei de Propiedade Intelectual na contorna dixital actual

No Teatro Colón, A Coruña
Impartido por **Darío Palomo**

MARTES 23

10h00 - 10h50

Concerto Didáctico

Destinado a alumnos de diferentes centros educativos de A Coruña. Interpretado pola Banda Municipal de Música de A Coruña. No Teatro Colón, A Coruña

17h00 - 20h00

Masterclass A Composición Musical para Videoxogos.

No Teatro Colón, A Coruña.
Impartido por: **Vicent Tobar**

MÉRCORES 24

10h00 - 13h00

Masterclass Plantillas na composición para audiovisual

No Teatro Colón, A Coruña.
Imparte: **Vanessa Garde**

17h00 - 20h00

Masterclass A Guitarra no Film Scoring

No Conservatorio Superior de Música da Coruña.
Imparte: **Lucas Suárez**

XOVES 25

CICLO *A ilusión é perfecta*

CGAI (Centro Galego de Artes da Imaxe)
Rúa Durán Loriga 10, A Coruña.
Adicado ao compositor José Nieto

18h00 Proxección *La Aldea Maldita*

Presentada e comentada por José Nieto

20h00 Proxección *Finisterre*

Presentada por José Nieto

VENRES 26

Conversa con José Nieto

11h00 No Conservatorio Superior de Música da Coruña.
Acceso libre e gratuíto ata completar aforo.

Concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia, cun programa de bandas sonoras do cinema español: *As Nosas Músicas*

20:30 no Teatro Colón, A Coruña.

Partituras de José Nieto e compositores galegos escritas para cine e TV. No Teatro Colón, A Coruña
Director: Andrés Valero-Castells



Imparte Dario Palomo

OBRADOIRO MUSIMÁGEN: A LEI DE PROPIEDAD INTELLECTUAL NA CONTORNA DIXITAL ACTUAL

Luns 22, de 17h00 a 20h00. No Teatro Colón (Avd. Marina nº 7A).

Entrada gratuíta, previa inscrición a través do correo-e produccion@academiagalegadoaudiovisual.gal. Neste Obradorio explicárase como funciona o dereito de autor musical en España. Analizaranse os tipos de obras, a comparativa internacional sobre a música audiovisual, o sistema de reparto de dereitos a Cuesheet ou o problema de “La Rueda”, entre outros temas.



Imparte Vicent Tobar

MASTERCLASS COMPOSICIÓN MUSICAL PARA VIDEOXOGOS

Martes 23, de 17h00 a 20h00. No Teatro Colón (Avd. Marina nº 7A).

Entrada gratuíta, previa inscrición a través do correo-e produccion@academiagalegadoaudiovisual.gal. Nesta charla explicamos os procesos e as ferramentas das que dispón un músico ou compositor para adentrarse e profesionalizarse na industria dos videoxogos, dende a composición, a produción e a gravación. A charla finalizará cunha mostra práctica.



Imparte Vanessa Garde

MASTERCLASS PLANTILLAS NA COMPOSICIÓN PARA AUDIOVISUAL

Mércores 24, de 10h00 a 13:00. No Teatro Colón (Avd. Marina nº 7A).

Custo: 15€, 10€ socios AGA, 5€ socios Sgae. Venta de entradas en www.fundacionsgae.org

A creación dunha plantilla no secuenciador facilita, en moitas ocasións, o labor de crear música para audiovisual. Ao estar “todo listo”, a creatividade pode enfocarse en facer música e non en buscar “x” sonido. O obxectivo principal da charla é considerar ter unha plantilla e as claves para que sexa eficiente.



Imparte Lucas Suárez

MASTERCLASS A GUITARRA NO FILM SCORING

Mércores 24, de 17h00 a 20h00. No Conservatorio Superior de Música da Coruña (Rúa Manuel Murguía, 44).

Acceso libre e gratuíto ata completar aforo.

Na gravación dunha banda sonora, sexa para unha longametraxe, serie ou documental, o compositor achega o seu traballo feito, mais con frecuencia o guitarrista asume un papel que vai máis alá do que está escrito e do propio instrumento. O Obradoiro quere achegar as ferramentas teóricas e prácticas para facilitar aos guitarristas encarar este rol e amosar as expectativas que se agardan, ampliando a visión creativa do músico e dando a coñecer unha faceta do instrumento pouco explorada ata agora.

CICLO A ILUSIÓN É PERFECTA

Xoves 25, 18h00. No CGAI (Centro Galego de Artes da Imaxe).

Rúa Durán Loriga 10.


Entrada gratuíta, previa inscrición a través do correo-e produccion@academiagalegadoaudiovisual.gal.

18H00 “La Aldea Maldita”

Proxección presentada e comentada por José Nieto

20H00 “Finisterre”

Proxección presentada por José Nieto



José Nieto

CONVERSA CON JOSÉ NIETO

Venres 26, 11h00 No Conservatorio Superior de Música da Coruña (Rúa Manuel Murguía, 44). Acceso libre e gratuíto ata completar aforo.

A FONDO: PROGRAMA MUSICAL. AS NOSAS MÚSICAS, COMPOSITORES GALEGOS.

CONCERTO BANDAS SONORAS DO CINEMA ESPAÑOL: AS NOSAS MÚSICAS INTERPRETADAS POLA ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA.

Venres 26 ás 20h30. No Teatro Colón, A Coruña.

Custo: 10€. Venta de entradas: www.ticketea.com, 902 044 226, billettería da Praza de Ourense, billettería do Teatro Colón 1h antes do evento (só se quedan entradas dispoñibles).



Manu Conde

***Contou Rosalía* 9'**

Compositor versátil, combina a súa faceta como guitarrista no grupo *Milladoiro* coa composición de Bandas Sonoras para proxectos de cine e tv. Entre os seus últimos traballos destacan as composicións para as series *Serramoura* ou *Dalia, a modista*, as mini series como *Juana de Vega*, *Vizcondesa do arado*, *Contou Rosalía* ou *O Sabor das Margaridas*, así como o documental *O Segredo da Ría* ou programas para television como *Verbenalia* ou *Bamboleo*.

Sergio Moure

***Un Buen Hombre* 8,5'**

No 2004 compón a Banda Sonora de *Inconscientes* que supón a súa primeira partitura de cine conseguindo unha nominación aos premios Goya e aos Premios Gaudí. Nos últimos anos destacan as composicións para longametraxes como *Tesis* sobre un *Homicidio*, *Secuestrados*, *Lobos de Arga*, *Un Buen Hombre*, *Somos gente Honrada*, *Todo es Silencio*, *El Cuerpo* ou *Lobos Sucios*, entre outras. A súa música foi interpretada pola Orquesta Sinfónica de Praga, Orquesta Sinfónica de Galicia, Orquesta Sinfónica de RTVE, A SIF 309 de Sofía, Bulgaria, A Real Filharmónica de Galicia, A Orquesta Sinfónica de Euskadi ou a Mad4Strings, entre outras grandes Formacións.



Xavi Font

***Tiempo sin aire* 9'**

Debutou no mundo audiovisual en 2006 e en 2010 xa contaba cun nomeamento aos XXIII Premios Goya pola composición do tema principal do filme *Agallas*. Na actualidade leva compostas máis de 30 partituras para cine, entre as que destacan *Abrigade*, *El diario de Carlota*, *Agallas*, *Tiempo sin Aire* e *O Apóstolo*, polo que recibe en 2013 o premio Mestre Mateo á mellor música original xunto co premio á mellor banda sonora no Festival de Cine Fantástico de Lisboa. Recentemente, realiza varias bandas sonoras para series de televisión, entre as que destaca a produción galego-portuguesa *Vidago Palace* e *Comtes de Barcelona*, en 2017, e a súa participación en *La sombra de la Ley* e *Hierro* en 2018.



Manu Riveiro

***La Sombra de la Ley* 10'**

Músico e compositor que a mediados dos noventa comezou compondo música para teatro no seu concello natal de Catoira e uns anos máis tarde deu o salto ao audiovisual. Isto levouno a realizar unha intensa labor creativo tanto a nivel nacional como internacional. No eido da televisión destaca por series como *Padre Casares* ou *El final del camino*. Para a gran pantalla ten participado no filme galego *El desconocido* (Mestre Mateo 2016), ou nas películas norteamericanas *The Green Inferno* e *Toc Toc* dirixidas por Eli Roth. Recentemente compuxo a música para a película de terror mexicana *El habitante*, recibindo o premio á mellor banda sonora no Festival Horrorant Film Fest 2018 de Grecia. En Outubro do presente ano estrearase *La Sombra de la Ley* de Dani de la Torre, da cal se extrae esta suite.




Nani García


***Muller na atalaia que o comprende todo (De Profundis)* 5'**

Autor de bandas sonoras para longametraxes de animación e ficción, obras de teatro, curtametraxes e programas de TV, conta con máis de 100 publicacións entre obras de jazz, producións audiovisuais ou producións para outros artistas. O seu selo persoal queda plasmado en obras do cine de animación como *De Profundis*, *Engurras*, a multipremiada curtametraxe de animación *O Xigante* e, neste 2017, *The never-ending wall*, que o sinala como un dos especialistas no xénero. Nani García ven de participar na última gañadora do Oscar a mellor película de fala non inglesa, a chilena *Una mujer fantástica*.

A FONDO: PROGRAMA MUSICAL. AS NOSAS MÚSICAS: JOSÉ NIETO



Carmen 10' 11"



**Pasión revolucionaria
(Libertarias)** 6' 40"



**El caballero del dragón
(suite sinfónica)** 17"

José Nieto

José Nieto desenvolveu a súa carreira en practicamente todos os campos da música (jazz, ballet, teatro...), mais a faceta máis coñecida é a de compositor cinematográfico.

Entre as máis de 100 partituras para cine e tv que compuxo, podemos citar *El Caballero D. Quijote* de M. Gutierrez Aragón, *Tirant lo Blanc*, *Carmen*, *Juana la loca*, *Libertarias*, *La Pasión Turca*, *Amantes*, *Intruso* e *Celos* de Vicente Aranda; *Bwana*, *Días Contados* e *El Rey Pasmado* de Imanol Uribe; *El Perro del Hortelano* e *Bertenebros* de Pilar Miró; *Finisterre* e *El Continental* de Xavier Villaverde; *Esquilache* e *Teresa de Jesús* de Josefina de Molina, etc...

Entre outros premios, recibiu tres veces o premio do Círculo de Escritores Cinematográficos, seis veces o Premio Goya da Academia de las Artes y las Ciencias Cinematográficas de España e a Espiga de Oro na 41 Semana Internacional de Cine de Valladolid.

CONCERTO EN FAMILIA E CONCERTOS DIDÁCTICOS

A Banda Municipal de Música de A Coruña interpreta Bandas Sonoras de curtametraxes galegas e obras universais acompañadas de imaxes e orientadas a público infantil.

Programa:

- . Charla introdutoria sobre o papel da música en relación á imaxe (Nani García)
- . Suite con música de curtametraxes de Charles Chaplin 13'
- . Curtametraxe *Villa Pelusa* (Marcos Mato)
- . Suite El Fantasma de la Ópera (Andrew Lloyd Webber) 15'
- . Curtametraxe *O Xigante* (Nani García) 9'



*Todas as pezas levarán proxeccións de fondo das obras interpretadas

“Concerto en Familia”

- Domingo 21 de outubro as 12h15
- No Teatro Colón de A Coruña
- Duración: 50 min.
- Entrada gratuita. Acceso libre ata completar aforo

“Concertos Didácticos”

- Luns 22 e Martes 23 de Outubro as 10h00
- Duración: 50 min.
- No Teatro Colón de A Coruña
- Público escolar. Entrada gratuita, previa inscrición do centro educativo no correo e produccion@academiagalegadoaudiovisual.gal



SEMUA

III SEMANA DAS MÚSICAS DO AUDIOVISUAL

www.academiagalegadoaudiovisual.gal

#SEMUA18



COLABORAN:

